




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Outes. Parroquias: San Xoán do Freixo de Sabardes. Extensión: 3,24 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade disposta ao longo da ladeira oriental dunha cadea montañosa de orientación norte - sur, de natureza granítica e con alturas máximas próximas aos 200 metros snm. Na parte superior da ladeira alcánzanse as maiores pendentes (20 -40%), facéndose máis suave o relevo cara á liña costeira. Se a isto se engade a alternancia entre materiais graníticos, xistosos e detríticos, enténdese que na costa alternen os promontorios con suaves enseadas areosas como as praias de Picouso ou Siavo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Tres son as especies de rochas dominantes: ao oeste domina un ortogneis biotítico blastomilonítico; existe unha banda na parte central con xistos con niveis de cuarcitas, pertencentes ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, con idade precámbrico-silúrica; nos sectores centro-leste e oriental aparece unha granodiorita hercíniana precoz con megacristais. Nas tres unidades aparecen numerosos enclaves de granito hercíniano de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza. No extremo norte, no rebordo sur do Monte Tremuzo, aparece un pequeno sector con granito moscovítico, coñecido como Tipo Tremuzo. No peirao dos Vimbios aparece un dique de microgranitos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais por enriba de 14°C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1200 mm e 1400 mm. A cabeceira da vertente pertence ao dominio climático Cálido e Moi Húmido xa que recibe maiores precipitacións, alcanzando ata 1600 mm de media anual.

OS SOLOS

Tramo inferior da vertente con solos profundos do tipo cambisol nas súas variantes dístrico e eútrico xa que na parte central da unidade se establece unha zona de contacto entre materiais graníticos e xistosos. Nas ladeiras os solos adquiren menos espesor e desenvolvemento o que dá lugar a umbrisoles e a regosoles sobre todo na cabeceira.


AS AUGAS

As ladeiras do relevo que delimita esta unidade polo oeste, lixeiramente inclinadas cara ao sur, conforman unha rede hidrográfica xerarquizada a favor de pequenos regueiros que aproveitando as debilidades do terreo, escavan suaves valgadas para acabar desembocando nas praias de Siavo e Picouso, así como no porto de Rinles. Na mencionada praia de Picouso prodúcese o contacto entre as masas de Augas Costeiras 20174 e as de Transición 20474, de Noia.

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a liña de costa e as formacións intermareais están protexidas polo LIC Esteiro do Tambre. Fronte con parte rochosa e parte sedimentaria. Aparecen os hábitat 1230 de acantilados mariños atlánticos, 1210 de vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados e, con maior extensión, os 1110 e 1140 de chaira intermareal e submareal superficial lamacenta e areosa. Só hai moi pequenos sectores de marisma (grupo13). Toda a chaira costeira posúe masas frondosas de diferente tamaño. Algunhas están asociadas a leves concavidades alongadas polas que discorren augas polo que, polo menos parcialmente, son ripícolas (91 E 0). Estas parcialmente e outras na súa totalidade atópanse orixinadas pola recolonización a partir do abandono de actividades agrícolas en áreas de terreos con peches vexetais. Todo isto acontece na chaira e suaves vertentes baixas da Ribeira do Freixo e A Figueroa. No contacto co forestal de repoboación, moi estendido, existen masas mixtas que derivan de antigos soutos (9260) e carballeiras (9230).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade divídese en dúas áreas leste e oeste polos seus usos predominantes. A área oeste, nas ladeiras montañosas, está ocupada por unha masa de arboredo de eucaliptos e piñeiros. En cotas máis altas destaca a presenza dun parque eólico de aerogeneradores. Na área leste, as pendentes son máis moderadas e de relevo suave, o que permite que se produciran os asentamentos rurais de uso residencial relacionados con cultivo agrícola que se desenvolve en parcelario existente. Na franxa costeira sitúase o porto do Freixo, nel desenvólense as actividades industriais vinculadas coa industria marítimo pesqueira, como as naves conserveiras ou o peirao de embarcacións de recreo, destaca por enriba de todas, a actividade marisqueira da ría. Este infraestrutura portuaria apoiase tamén o os estaleiros do peirao dos Vimbios. As praias existentes favorecen o aproveitamento das actividades de ocio e uso turístico.

MORFOLOXÍA

Sobre o suave relevo próximo á liña costeira desenvólvese o parceiro agrícola onde se sitúan os distintos asentamentos e os núcleos rurais. Nunha primeira franxa entre a estrada AC-550 que atravesa a unidade de norte a sur e as ladeiras montañosas, sitúanse os núcleos de Siavo, Braño, A Corga e O Piñeiro. As edificacións que compoñen estes núcleos responden á morfotopoxía tradicional. Nunha segunda franxa prodúcese os asentamentos espontáneos, de forma lineal e nas marxes da estrada AC-550 xunto coas construcións relacionadas coas actividades portuarias e do marisqueo. Por último, o núcleo da Ribeira do Freixo posúe unha íntima relación co ámbito portuario e o marisqueo, nel, as edificacións máis compactas e de maior volume mestúranse coas vivendas tradicionais e as naves de uso industrial. Estas características fan que sexa considerado Núcleo de identidade do litoral.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 que percorre todo o litoral é o eixe de comunicación principal en toda a comarca. Dende esta parten outras vías que relacionan os núcleos rurais na unidade, como a AC-6204 que transcorre entre estes núcleos e o seu trazado permite o acceso ás zonas máis elevadas das montañas. A AC-550 tamén se ramifica noutros camiños e pistas que dan acceso á liña costeira e ás praias. O areal de Siavo comunícase mediante un paseo peonil que bordea toda a franxa costeira con outras praias situadas máis ao fondo da ría. Ademais desta rede viaria existen outros camiños e pistas que permiten o tránsito dentro da masa forestal e o parcelario agrícola. O porto do Freixo posúe un embarcadero para embarcacións de recreo.


PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural constitúeno elementos construtivos relacionados coa arquitectura relixiosa: a igrexa e a casa reitoral de Sabardes, o peto de Ánimas de Braño, a ermida de San Bieito e algúns cruceiros. Como elemento vinculado ao uso marítimo industrial figuran dúas antigas carpintarías de ribeira, actualmente usadas como almacén. Entre os depósitos arqueolóxicos destaca o castro de Mosteiro e os petroglifos de Fontemoureira.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

As actividades vinculadas á industria marítimo pesqueira desenvolvidas no porto do Freixo, os estaleiros do peirao dos Vimbios e a presenza de bancos marisqueiros nos bancos arenosos da costa marcan o carácter mariñeiro dunha paisaxe humana que á súa vez se relaciona coa ruralidade do ámbito e a identidade montañesa que incorporan as ladeiras ao fondo da unidade. A praia de Siavo actúa ademais como un enclave turístico apoiado cos areais máis importantes e concorridos da comarca de Muros e Noia.

DINÁMICA DA PAISAXE



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Sobre unha pendente moderada as masas de arboredo nas elevacións montañosas deixan paso ao conxunto de asentamentos rurais típico da comarca costeira. Esta paisaxe humana introduce un elemento de identidade mariñeira coas actividades desenvolvidas no porto do Freixo e a presenza de estaleiros nas proximidades. O potencial ecolóxico da unidade vén dado pola inclusión de toda a liña de costa e as formacións intermareais, protexidas polo LIC Esteiro do Tambre, así como a súa inclusión na Rede de Espazos Naturais e na Rede Natura 2000. O carácter montañoso da unidade permite amplas panorámicas dende o Monte Maior a máis de 300 m de altitude, onde se sitúan os xigantescos aeroxeneradores.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



